



ACTA DO CONSELLO DE GOBERNO DO 28 DE NOVEMBRO DE 2017

Logo de comprobar a existencia de quórum, ás 09:35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico, don Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia Ignacio Delgado Ferreiro, Xurxo Dopico Calvo, Teresa López Fernández, Armando J. Yáñez Casal, Natalia Álvarez Lata, Laura M. Castro Souto, Zaida García Requejo e Sonia Souto Camba.

1. Informe do reitor

O **reitor** comezou informando da viaxe á FIL de Guadalajara (México), formando parte da delegación do SUG, que serviu para establecer relacións coa ANUIS mexicana (equivalente á CRUE), que representa 184 universidades con máis 2,2 millóns de estudantes, que pode supor un importante avance en materia de internacionalización (en docencia, investigación e transferencia). A sinatura do convenio realizouse en presenza do responsable de educación do Estado de Jalisco. Tamén se estableceron contactos con organismos similares de Nicaragua, Colombia e Arxentina.

Anuncia que en 2019 se celebrará en Galicia a reunión dos ministros de educación superior da Unión Europea e Latinoamérica

A seguir, toma a palabra o **vice-reitor de Política Científica, Innovación e Transferencia**, Salvador Naya Fernández, para dar conta dos asuntos seguintes:

- 1 Da renovación da agrupación estratéxica CICA-INIBIC por parte da Xunta, logo de pasar a correspondente avaliación externa e da prórroga da agrupación por un ano máis. Menciona tamén a posible convocatoria de agrupacións e grupos singulares no vindeiro mes de xuño/xullo.
- 2 Informa de que xa é definitiva a concesión do proxecto de redes OTRI a UDC, por 193 000 €, que se debería executar en 2018. O obxectivo do proxecto é apoiar os investigadores para solicitar novos proxectos internacionais. Especialmente do H2020.
- 3 Como parte do labor de fomento e apoio no acceso ao financiamento procedente de convocatorias europeas, a Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI), vén de organizar dous seminarios para revisar os servizos de apoio dispoñibles na UDC para fomentar a participacións dos seus investigadores en proxectos europeos, nomeadamente no Programa Cadro da Unión Europea (H2020), así como algunhas das oportunidades que ofrecen as vindeiras convocatorias deste programa, nomeadamente no eido da Ciencia Excelente.

Seminarios: «Nova normativa interna e servizos de apoio para investigadores da UDC no programa H2020»

- Ferrol, 22 de novembro 2017, no salón de actos do campus de Esteiro
- A Coruña, 23 de novembro 2017, no salón de actos do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) – campus de Elviña. Nas dúas xornadas, deuse a posibilidade de manter reunión individuais cos técnicos da OTRI por parte de investigadores interesados en participar e/ou promover unha proposta europea.

Asistiron 18 investigadores interesados en Ferrol e 42 en Coruña.

De por parte, o vice-reitor de **Profesorado e Planificación Docente**, Alberto Valderruten Vidal, informou do que se indica a seguir:



- 1 O 06/11/2017 solicitásele ao Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social que se adopten as medidas necesarias para incorporar á nómina deste mes de novembro os pagos dos complementos autonómicos ao recoñecemento da excelencia curricular docente e investigadora e ao desenvolvemento dos cargos de xestión da convocatoria 2016 publicada no DOG do 02/12/2016, incluíndo, de ser posible, os atrasos correspondentes, a maioría do 1/01/2016. Os citados complementos enviáronse para a súa aprobación ao Consello Social do 23 de novembro.
- 2 O 09/11/2017 autorízase a integración dun profesor TIT-EU no corpo TIT-UN unha vez acadou a acreditación a este corpo, segundo o establecido na disposición adicional 2ª da Lei orgánica 4/2007. Área de coñecemento de Enxeñería de Sistemas e Automática.
- 3 O 21/11/2017 autorizouse a contratación por lista da agarda da praza 17/5010 dun/unha profesor/a contratado/a interino/a de substitución a tempo completo na área de Socioloxía do Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación, durante a baixa de IT dunha profesora da área ou ata a finalización do curso académico 2017/18.

A vicerreitora de **Oferta Académica e Innovación Docente**, Nancy Vázquez Veiga, informou o Consello dos asuntos seguintes:

- O 6 de novembro realizouse unha xuntanza informativa para directores e orientadores de centros de ensino medio de Galicia, a que asistimos as vicerreitoras de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, do campus de Ferrol e Responsabilidade Social, de Internacionalización e Cooperación, e de Oferta Académica e Innovación Docente. Ademais de facer una presentación xeral da UDC, informamos das accións que se desenvolven arredor do Campus Industrial de Ferrol e da oferta de titulacións da UDC con especial énfase nos títulos de grao cuxa impartición está prevista para o vindeiro curso: grao en Xestión Industrial da Moda e o grao en Paisaxe. A continuación, a vicerreitora de Internacionalización e Cooperación falou sobre os programas de mobilidade internacional do alumnado. Na xornada, que se prolongou toda a mañá, tamén se presentaron os centros de innovación da UDC e o Servizo de Apoio á Investigación. Así mesmo, informamos dos distintos programas que a UDC ten para divulgar as súas titulacións entre os estudantes dos centros de ensino medio. Finalmente, o profesor Pedro Armas, representante da UDC na Comisión Interuniversitaria de Galicia, falou sobre o proceso de acceso á universidade do vindeiro ano.
- Como xa lles comunicamos, na UDC hai dúas titulacións que se retirarán da oferta o curso 2019-2020: Información e Documentación, e Humanidades. Nese curso está previsto que comecen a se impartir dous novos títulos de grao: Xestión da Información e da Documentación Dixital e outro título no ámbito das Humanidades que se está a perfilar. O centro está a estudar as distintas posibilidades para a creación dun grao que resulte atractivo ao estudantado e que dea cabida á formación de profesionais que está a demandar a sociedade actual. En xeral, desde a Reitoría estamos a traballar con todos aqueles centros cuxas titulacións deberán someterse a importantes modificacións nos vindeiros anos, como por exemplo, Enxeñaría Eléctrica (primeiro grao dual do SUG), así como cos que están comezando co proceso de posta en marcha dun novo título.
- A semana pasada, a ANECA comunicounos que os dous graos da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, o de Tecnoloxía da Enxeñaría Civil e o de Obras Públicas, ían ser sometidos ao proceso de avaliación do selo internacional de Calidade EUR-ACE. Este modelo baséase en nove criterios

internacionais recoñecidos. Sete correspóndense coas tres dimensións do modelo de renovación da acreditación acordados pola REACU. Os que son específicos son os criterios oitavo e noveno. Neles avalíase a adecuación dos resultados da aprendizaxe do título de enxeñaría cos resultados de aprendizaxe establecidos por ENAEE (European Network for Accreditation of Engineering Education), así como o soporte institucional do título. En 2019, está previsto que o grao en Enxeñaría Informática e o Mestrado Universitario en Enxeñaría Informática se presenten á avaliación para obter o selo internacional EURO_INF.

- O vindeiro 13 de decembro celebraremos na Reitoría unha reunión cos coordinadores dos Grupos de Innovación Educativa para coñecer cales son as súas necesidades formativas e para aclarar todas aquelas dúbidas que poidan ter con respecto, por exemplo, á realización da memoria que deben entregar anualmente.

A continuación a **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria**, Margarita Amor López, informou dos seguintes asuntos:

Da publicación da convocatoria das axudas para estudantes en situación de dificultades económicas e a convocatoria de «correspondentes universitarios». Tamén se publicou a resolución provisional das axudas para o transporte urbano na cidade da Coruña e para as áreas de transporte metropolitano da Coruña e de Ferrol. Cabe destacar que se cubriron todas as axudas e non quedou ninguén na lista de agarda.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e ao non haber ningunha presentada, declarouse deserta a 11ª Convocatoria de Axudas da Universidade da Coruña para Estudantes Gañadores de Olimpíadas Científicas, do curso académico 2017/2018, de acordo co apartado nove da convocatoria.

Informa tamén de que o martes, 14 de novembro, na Facultade de Economía e Empresa tivo lugar a 10ª Feira de Asociacións de Estudantes. Esta feira, en que participaron 14 asociacións, ten como obxectivo dar a coñecer as actividades que realizan as diferentes asociacións de estudantes da UDC.

O 7 e 8 de novembro celebrouse o Foro Xuventude en Movemento, para promover o emprego e o emprendemento do estudantado universitario, que tivo lugar na Facultade de Economía e Empresa. O Foro Xuventude en Movemento está organizado pola UDC e Europe Direct, centro oficial de información da Comisión Europea pertencente á Deputación da Coruña. Preto dun centenar de estudantes inscribíronse nas actividades do Foro; o alumnado do campus de Ferrol puido seguir as sesións por videoconferencia desde a sala habilitada no Edificio de Apoio ao Estudo.

O 7 de novembro no Paraninfo da Reitoría, baixo o título Híbridos, a Unidade de Divulgación Científica e Cultural da Universidade da Coruña, en colaboración coa Deputación da Coruña, a Xunta de Galicia e Vertixe Sonora, desenvolveu un dos catro contidos do ciclo DO AUDIBLE 2017, coa participación de Julio Parapar (profesor de Zooloxía da UDC), que falou de «La mar de gusanos» e as intervencións musicais de Vertixe Sonora. Híbridos procura achegar puntos de encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento contemporáneos na conquista dunha percepción musical consciente.

Comezou o 8 de decembro a inscrición de Explorer «jóvenes con ideas» con 80 prazas para emprendedores da UDC.

Explorer «Jóvenes con ideas» ofertará de forma gratuíta formación, apoio e *mentoring* aos estudantes da Universidade da Coruña de 18 a 31 anos que queiran desenvolver proxectos innovadores.



A Universidade da Coruña leva catro edicións participando neste proxecto e este ano, como novidade, terá dous espazos para os emprendedores universitarios, un na Coruña e outro en Ferrol, con 40 prazas cada un.

Finalmente, na comisión de Extensión Universitaria do 30 de outubro autorizouse o curso de Extensión Universitaria «Curso de Iniciación ao *Coaching*» (en liña) proposto polo profesor Eduardo Guillén Solórzano do Departamento de Empresa.

O vicerreitor de **Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade**, Domingo Calvo Dopico, deu conta dos seguintes asuntos:

- Da finalización da carga do orzamento de 2018.
- Das tres comisións de Asuntos Económicos que tiveron lugar no mes de novembro, en que se aprobaron imputacións por un valor total de 107 751 euros e validacións por 871 582,17 euros.
- Do lanzamento dos grupos de traballo do Campus de Sustentabilidade agradecendo o traballo dos coordinadores dos catro grupos.

O reitor intervén neste punto para agradecer o traballo realizado polo equipo de xestión económica da UDC para ter pagados e xustificados os fondos a 30 de novembro.

A **vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social**, Araceli Torres Miño, informou dos seguintes asuntos:

- Da resolución do concurso de traballos académicos con perspectiva de xénero “Ángeles Alvariño”.
- De que ficou deserto o concurso de fotografía con perspectiva de xénero.
- Das actividades da UDC en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 30 de outubro de 2017

A acta foi aprobada por unanimidade.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran **no anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en tres convenios marco (3), dezasete convenios específicos (17), e cincuenta e un convenios para prácticas (51) e que son aprobados sen votos en contra.

4. Proposta de adhesión ao manifesto Cuac FM polo dereito a comunicar

O manifesto foi presentado polo reitor, que salientou a colaboración entre esta emisora radiofónica e a UDC.

A proposta foi aprobada por unanimidade segundo figura no **anexo IV**.

5. Proposta de premios Universidade da Coruña à excelencia académica no bacharelato – Curso 2017/2018

A proposta foi presentada pola vicerreitora de **Estudantes, Participación e Extensión Universitaria**, Margarita Amor López.

Intervén tamén o reitor para explicar que no próximo curso a UDC solicitará que os centros sexan proactivos co fin de que os mellores expedientes que accedan a eles se poidan presentar.

A proposta apróbase por unanimidade segundo figura no **anexo V**.

6. Aprobación do calendario de novas propostas e modificacións de títulos oficiais de grao, mestrado e doutoramento para a súa implantación no curso 2019-2020

Presentada a proposta pola vicerreitora de **Oferta Académica e Innovación Docente**, Nancy Vázquez Veiga, foi aprobada por unanimidade segundo figuran no **anexo VI**.

7. Títulos propios de posgrao

Presentada a proposta pola vicerreitora de **Oferta Académica e Innovación Docente**, Nancy Vázquez Veiga, foi aprobada por unanimidade segundo figura no **anexo VII**.

8. Proposta de OPE complementaria 2017 de prazas estables de PDI

A proposta foi presentada polo **Vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente**, Alberto Valderruten Vidal.

A seguir, toma a palabra a profesora Blanca Laffon para preguntar para que área vai ir a praza reservada a Ramón y Cajal, ao non haber ningunha que cumpra os criterios. Responde o reitor dicindo que as prazas Ramón y Cajal teñen que ir necesariamente para ese colectivo. Fai tamén constar que a OEP complementar vai na liña de aproveitar ao máximo a taxa de reposición co fin de estabilizar as prazas estruturais e permitir tamén a promoción (non só de titular de universidade a catedrático de universidade mais tamén de contratado doutor a titular de universidade). Sinalou que coa nova interpretación da taxa de reposición, en 2018 a UDC terá aínda máis posibilidades de promoción, mais sempre garantindo a estabilización do persoal que ocupe prazas estruturais.

María Luisa Sánchez Simón lembra que, aínda que desde a representación sempre houbo preocupación polos CD, o máis apremante era asegurar a estabilización dos axudantes doutores.

A proposta é aprobada por unanimidade segundo figura no **anexo VIII**.

9. Solicitud de cambio de departamento da Área de Física da Materia Condensada

O vicerreitor de **Profesorado e Planificación Docente**, Alberto Valderruten Vidal, fai unha introdución ao asunto, cuxa documentación figura como **anexo IX** e informa de que lles foi solicitado un informe aos dous departamentos implicados, resultando que un deles (o «entrante») informou favorabelmente en tanto que o outro, o «saínte», o fixo de forma negativa. Do mesmo modo, a mesa sindical informou favorabelmente mentres a COAP deu un parecer negativo, que é o que o equipo de goberno asume.

Pregunta María Luisa Sánchez Simón se no Departamento de Física están todas as áreas de física. O vicerreitor responde que todas excepto a de astrofísica.

Moisés Canle lembra que a coherencia académica foi un dos criterios fundamentais da CEPREA e que, por esa razón, el mesmo reclamou que astrofísica se incorporase ao Departamento de Física aínda que, finalmente, admitise que se trataba dun caso excepcional. Lembra que a física da materia condensada fai parte, en todos os catálogos –ANEP, ANECA etc– da física e en ningún caso da navegación. Adianta que votará en contra da solicitude.



Carlos Sánchez Cendón chama a atención sobre a condición que pon o Departamento de Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña para a admisión: que non afecte á docencia de materias afíns. Considera que tal condición é inaceptable.

O reitor concorda. Di que é o momento de pór a andar a estrutura e non de a modificar, máxime en contra do parecer da COAP.

A solicitude foi rexeitada con todos votos en contra e unha abstención.

10. Proposta de creación de seccións departamentais (Depto. de Enxeñaría de Computadores)

A proposta de creación das seccións departamentais de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores e de Tecnoloxía Eléctrica e Teoría do Sinal foi presentada polo vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, Alberto Valderruten Vidal, coa proposta de que sexan aprobadas.

Carlos Vázquez Cendón pregunta cal é o criterio, se áreas de coñecemento diferentes ou razóns xeográficas. O reitor lembra que o criterio xeográfico se refire en exclusiva aos campus da Coruña e de Ferrol. Responde tamén a unha pregunta de Susana Ladra indicando que non se poden crear seccións departamentais atendendo só ao número de profesores /as se tal supón dividir áreas de coñecemento.

A proposta foi aprobada por unanimidade segundo figura no **anexo X**.

11. Quenda aberta de intervencións

Intervén Xosé Portela para sinalar que na última reunión do Consello de Goberno se afirmara que a transformación da FUAC fora informada pola Asesoría Xurídica. Sinala que el coñece dúas sentenzas que afirmarían que iso supón unha cesión ilegal de traballadores/as da FUAC á UDC. Afirmar que os traballadores e traballadoras que van xestionar títulos propios teñen acceso a Xescampus. Todo isto aboaría que a xestión de mestrados e títulos propios pola FUAC constitúa cesión ilegal de traballadores/as. Solicita do secretario xeral información acerca da acta do Consello de Goberno en que se aprobou a mudanza dos Estatutos da FUAC.

Sobre a repartición da roupa de traballo, di que aínda non se fixo e que o van denunciar na Inspección de Traballo.

Moisés Canle pregunta se hai algunha novidade sobre o asunto das chamadas da CIUIG que el suscitara na sesión anterior. Pregunta tamén pola posición da CRUE acerca dos criterios de acreditación da ANECA e se, en concreto, quen os deseñaron cumpren con eles ou non. De ser así, sinala con retranca, non se explica o posto tan atrasado que o Estado español ocupa en materia de investigación científica, máxime habendo premios Nobel de física e química que non os cumpren.

Miguel Muñoz pregunta por que as universidades andaluzas están a convocar todas as prazas de acreditación e as universidades galegas non o fan.

Intervén o **reitor** para lle responder a Xosé Portela sinalando que as sentenzas a que alude Portela non teñen nada a ver coa situación actual. Lembra que o Regulamento de títulos propios de posgrao foi modificado precisamente para evitar esas situacións e establece que a xestión debe ser realizada pola FUAC e non por persoal contratado *ad hoc* para cada un deses mestrados. Lembra que a FUAC é unha entidade distinta da UDC e que da reforma dos Estatutos da FUAC si foi informado o Consello de Goberno: informou dela o secretario xeral.



Sobre a roupa de traballo informa de que xa se dirixiu ao Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social para que axilizase esta xestión e que, se for preciso, llo volverá dicir.

Sobre a CIUG, respondendo a Moisés Canle, explica que este ano pasou que, por presión de alguén, a forma de facer os chamamentos para a Facultade de Medicina foi diferente e, ao final, ficaron doce prazas sen cubrir por seren restritivos de máis. A UDC xa trasladou que o próximo ano non pode volver pasar, aínda que o risco é que a CIUG faga un chamamento aínda maior e que acaben entrando máis alumnos que o número de prazas inicialmente previsto.

Sobre a CRUE indicou que aínda non se reuniu. A vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente sinala que na última sectorial de asuntos académicos xa se dixera que o problema era máis a desigualdade entre áreas que a cantidade de méritos.

De novo sobre a FUAC, Xosé Portela di que o reitor non merece ocupar o posto que ostenta por acusar de negligencia á Unidade de Estudos Propios de Posgrao e non usar os medios que ten ao seu dispor para mellorar a xestión.

O reitor nega ter falado de negligencia. O atraso na xestión obedece a que esta unidade realiza a xestión académica destes títulos e non ten medios suficientes. Sinala que non ten sentido sobrecargar a UEPP, que xa ten traballo abondo, e o que procede é utilizar a FUAC como medio propio para realizar a xestión económica. Móstrase sorprendido pola cruzada emprendida contra a FUAC xusto cando esta entidade está a ser xestionada de forma máis transparente e eficaz.

Xosé Portela reitera os argumentos das sentenzas de 2013 a que aludira na intervención anterior. Reitera que os Estatutos da FUAC non foron votados no Consello de Goberno. Sobre a FUAC afirma que non hai nada novo, que a representación do PAS sempre tivo a mesma consideración. Liga esta mudanza nos Estatutos da FUAC coa xubilación dos guardeses do Pazo de Lóngora. O reitor pregúntase pola relación que existe entre ambas as dúas cousas.

Intervén o vicerreitor de **Profesorado e Planificación Docente** para sinalar, en resposta a Miguel Muñoz, que nas universidades andaluzas había unha bolsa de CD interinos –figura contractual non autorizada pola Xunta de Galicia– que agora son estabilizados por unha vía extraordinaria habilitada nos Orzamentos do Estado para 2017 que crean unha taxa especial para estes CDI. De resto, engadiu, a Xunta segue esixindo a xustificación do 100 % do custo das novas prazas, incluídas as de promoción.

Intervén novamente o reitor para sinalar que hai moita diferenza entre ter que dotar nos orzamentos 50 000 euros para cada praza de CU (Galicia) ou ter que prever apenas 8000 (Andalucía). A taxa de reposición flexibilizouse, mais a do límite do capítulo I segue presente.

Miguel Muñoz pregunta polas previsións temporais para solucionar a bolsa de acreditados a TU e CU que a UDC ten neste momento. O reitor responde que, ao ritmo actual, agarda que se poida solucionar en dous anos e medio.

O vicerreitor de **Profesorado e Planificación Docente**, Alberto Valderruten Vidal, aproveita para lembrar a importancia de convocar canto antes as prazas da OEP complementar co fin de contarmos con maior taxa de reposición para 2018.

Xosé Portela sinala que se hai picos de traballo, a carga adicional debe levar a contratar máis persoal. Aposta por solucións orgánicas no canto de externalizar.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o reitor remata a sesión ás 12:20 h, do que eu, como secretario dou fe, co visto e praxe do presidente.

O secretario xeral

Carlos Aymerich Cano

O presidente

Julio E. Abalde Alonso